



| MODELO SILVÍCOLA | PR1 |
|--|--|
| ESPECIE PRINCIPAL: | <i>Pinus radiata D. Don.</i> , aplicable a formacións mixtas con <i>P. Pinaster</i> . |
| OBXECTIVO: | Madeira para trituración, pequena porcentaxe para serra. Máxima produtividade en madeira. |
| DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais. | |

| REXENERACIÓN | |
|---------------------------------|---|
| Marco e densidade de plantación | 3,5 m (entre liñas como mínimo) x 3,5 m, 4 m x 3 m, 4 m x 2,5 m ou 3,5 m x 2,5m; 815-1.140 plantas/ha. Cumprimento das distancias mínimas establecidas en anexo II da Lei 7/2012. |
| Mantementos | Reposición de marras e roza total no primeiro ano. Mantemento mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte a lexislación. Aboado de implantación necesario (N,P,K), baixo en nitróxeno, granulado soluble ou de liberación gradual; aplicación conforme ao tipo de abono empregado e sempre consonte a lexislación. |

| TRATAMENTOS SILVÍCOLAS | |
|------------------------|---|
| Podas | Baixa ata 2,5-3 m cando o diámetro normal (dn) acade 10 cm, tras a primeira rarea se esta existe. Repaso se procede de brotes epicórmicos tras poda. |
| Desmestas | Durante os primeiros anos, no caso de rexeneración natural densa tras lume, ata deixar unha densidade de 900 a 1.150 pés por ha. No caso de plantacións non será en xeral necesario aplicar desmesta se a densidade de plantación foi inferior a 1.200 pés/ha. Tratamento de restos de desmestas/podas por trituración, esparecido ou retirada para aproveitamento, segundo lexislación vixente, no 50% das entrelíñas. |
| Rareas | Primeira e única rarea entre 10-15 anos, peso do 30 ao 50% dos pés, deixando 500-600 pés/ha, atendendo a riscos de derruba por vento, con posibilidade de execución semisistemática. Recoméndase respectar arborado de frondosas autóctonas nas rareas. En masas mixtas con piñeiro do país, seleccionar como individuos a extraer aqueles con menor adaptación á estación. |

| CORTA FINAL DE REXENERACIÓN | |
|-----------------------------|--|
| Idade de corta | 20-30 anos, dependendo da calidade de estación. |
| Métodos de corta | Corta a feito. Non recomendable corta a feito en dous tempos pola inestabilidade das árbores. Evitar cortas a feito en un tempo de superficies maiores de 5 ha. Tratamento de restos de acordo coa normativa vixente. Produción de madeira de trituración e certo porcentaxe de madeira de serra. |

